

Lee atentamente estas dos circulares. Contienen información sobre las modificaciones introducidas en las pruebas de filosofía para el curso 2004-2005.

Circular nº 1 setembro 2004

Filosofía

Estimados compañeiros:

En base as indicacións da CiUG sobre a Estructura da Proba “Composición de Texto sobre un tema de Tipo filosófico” das Probas de Aptitude, o Grupo de Traballo Loxse acordou facer os seguintes cambios, que se incorporan ó texto das Orientacións e que rexerán a partir do presente curso académico 2004 – 2005:

- 1.- A Proba, “Composición de Texto sobre un tema de Tipo filosófico”, consistirá no desenvolvemento da temática ilustrada polo texto e enunciada explícitamente no exame. O alumno explicará esta temática no autor do texto, servindo este de motivo de dita explicación.*
- 2.- Desaparece, polo tanto, a distinción entre “comprensión e explicación do texto” e o desenvolvemento de “outra temática distinta do autor”, ó estilo de Probas anteriores de Historia da Filosofía.*
- 3.- Desaparece tamén, en consecuencia, o apartado de “Madurez intelectual”, en canto a unha valoración separada.*
- 4.- De todo iso resulta que a **Calificación** do exercicio será **única e global [de 0 a 10 puntos]**. O corrector, para a valoración global, terá en conta tanto os criterios que, con carácter xeral, figuran no currículo das materias, como os sinalados no apartado III.4.2. das Orientacións, de carácter específico.*
- 5.- No Anexo 1º temos un **modelo de exame** que reflicte as modificacións introducidas.*

A Coruña, 30 de setembro de 2004

Director Grupo de Traballo

Circular nº 2 decembro 2004

Filosofía

2ª CIRCULAR 2004 – 2005

Estimados compañeiros:

*O Grupo de Traballo Loxse, coa finalidade de facilitar ós Alumnos a realización das Probas de Aptitude e tamén axudar ós Profesores na preparación das mesmas, acordou desenvolver os contidos dos Tópicos do D.C.B. nos **Temas** que figuran no Anexo adxunto e que necesariamente o Director comprométese a enunciar, nos termos aí dados, ante o texto proposto como motivo ilustrador de dito tema.*

*Conscientes da extensión dos Tópicos enunciados no D.C.B., o presente documento trata de concretalos, determinando aínda máis o apartado 1º da Circular anterior, esencial nas presentes Orientacións 2004 – 2005: “A Proba, “Composición de texto sobre un tema de tipo filosófico”, consistirá no **desenvolvemento da temática ilustrada polo texto e enunciada explicitamente no exame**. O alumno explicará esta temática no autor do texto, servindo este de motivo de dita explicación”.*

*Polo tanto, o texto **ilustra** o Tema, o texto é **motivo** para a explicación dalgún dos temas que figuran no Anexo, conforme ó autor elixido. E os contidos do examen corresponderán fundamentalmente á temática enunciada, servindo todo-lo demáis que o alumno poida aportar [referencias ó texto, coñecementos personais, estruturación lóxica da exposición, estilo e linguaxe] de apoio da temática exposta. Neste sentido todo-lo que contribuía á estruturación da Composición será tamén valorado positivamente polo corrector, dacordo cos criterios que figuran no D.C.B. da materia ensinada.*

A Coruña, 10 de decembro de 2004.

Director Grupo de Traballo

SEMINARIOS DE FILOSOFÍA